

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación ou entidade que corresponda para por en marcha programas de formación profesional adaptada para persoas con necesidades educativas especiais

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Formación Profesional da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

INFORMA:

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación profesional ten previsto formalizar coa Asociación ou entidade que corresponda e que se poida adherir aos obxectivos previstos neste convenio o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia de catro anos, dende a data a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

desenvolver unha experiencia piloto enmarcada no Plan de Orientación Profesional Integral FPGal360, concretamente por en marcha programas de formación profesional adaptada para persoas con necesidades educativas especiais no marco de FPGal 360.

Todo isto a través da colaboración entre a Asociación ou entidade que corresponda e que se poida adherir aos obxectivos previstos neste convenio, e os Centros que impartan ensinanzas de formación profesional para promover a inclusión educativa e profesional e facilitar a incorporación laboral do alumnado dos seus centros con necesidades educativas especiais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Na Lei Orgánica 3/2022 de 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, define o sistema único de FP como un conxunto articulado e compacto que:
 - Identifica as competencias profesionais do mercado laboral.
 - Asegura as ofertas de formación idóneas.



- Posibilita a adquisición da correspondente formación ou, no seu caso, o seu recoñecemento.
- Pon a disposición un servizo de orientación e acompañamento profesional que permita o deseño de itinerarios formativos individuais e colectivos.

Tamén contempla nas Modalidades da oferta da formación profesional no apartado 2 do artigo 70, Persoas con necesidades educativas especiais, que as ofertas axustaranse ás características e perfil dos destinatarios, promovendo a adquisición daqueles estándares de competencia ou elementos de competencia compatibles con cada discapacidade, e garantindo o dereito á súa formación nas empresas, coas adaptacións que precisen, sen que sufran discriminación na asignación de empresa.

2. No Plan de Orientación Profesional Integral FPGal360 ten como obxecto de establecer un sistema integral de orientación profesional que guíe e acompañe á cidadanía na súa toma de decisións educativas e profesionais desde idades temperás e ao longo de toda a vida, propónse este Plan de Orientación integral FPGal360, con dous obxectivos estratéxicos: ›
› Reducir o abandono escolar temperá, perseguindo a "tendencia cero" Incrementar a cualificación da poboación xove.

No seu Eixe 1: Maximizar o éxito do alumnado do sistema educativo, perseguindo a "tendencia cero" no abandono escolar temperá, contempla na súa liña 2 O Impulso e diversificación das ofertas de ensinanzas básicas de FP e ten como obxectivo, promover a inclusión educativa e profesional mediante programas de FP de grao básico adaptados a persoas con necesidades educativas especiais.

3. Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación ou entidade que corresponda, e que se poida adherir aos obxectivos previstos neste convenio, están dispostas a colaborar para promover a inclusión educativa e profesional do alumnado con necesidades educativas especiais, dos seus centros, mediante unha orientación personalizada.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíase esta memoria en Santiago de Compostela.

